

HISTORIA DE PASTORES

1411

Jaime Puertas Castillo, 2024

ESTREA EN NUMAX: 25.11.2024 | V.O. | +7 | 80 min

Altiplano de Granada, ano 2027. Entre ovellas, ruínas e drons, un estudante e dous pastores encóntranse, vísitanse e conéctanse arredor da historia dunha casa de labranza que aparece e desaparece.

«Non busca a evidencia das respostas senón a suxestión e establece unha complicidade entre a tradición e a realidade social e o máxico.»

Violeta Kovacsics, OTROS CINES



Entrevista con Jaime Puertas Castillo: «O filme quere sumarse a esa tradición onde a invención e o testemuño van da man»

Por Yoel González

Historia de pastores empeza cun achado: uns din que é unha especie de rocha meteórica e Mari, a protagonista, que é estaurolita. Ese mesmo desconcerto atópase no peche, onde é o espectador o que atende ao achado: o cumprimento do que se veu narrando. Houbo algunha influencia de historias herdadas por ti mesmo á hora de configurar esa película e a lenda que hai dentro? Precisamente expuñamos eses achados como preguntas, sempre desde a especulación e a fabulación. Do mesmo xeito que esa posibilidade dun cortixo que aparece e desaparece, todas eran historias que estaban sempre abertas á posibilidade de como relacionalas; do mesmo xeito que a forma na que conviven os diferentes estratos da terra en diferentes períodos xeolóxicos e como cousas que aparentemente son aleatorias se suman todas nun territorio, atrávesano e determínanos. Son relatos que sempre se revelan desde os fragmentos.

Guillermo Marín, o pai de Mari (unha das protagonistas da película), tivo un cortixo na montaña que se chamaba La Cerrá. De feito, foi construído nunha zona onde previamente os templarios edificaran un espazo de reunión. E chegou a mans de Guillermo. Era un lugar tan remoto, porque os templarios sábese que construían as súas casas en lugares de difícil acceso, que cando nevaba non había maneira de atopalo. Entón, a posibilidade da procura partía desa historia en concreto, un pouco por imaxinario de relatos que van a medio camiño entre a fantasía e a realidade. E xa non é importante saber discernir que é verdade do que non o é. En si, o que se supón que é falso fainos cuestionar o que se supón que é verdadeiro. Entón, aí hai unha mestizaxe dos relatos, que é o que caracteriza en si á tradición oral, o piar sobre o que se aposenta un pouco toda a peli.

En relación a isto, existe un maior grao de veracidade cando os personaxes falan desa terra que vai cambiando, dos cortixos que desaparecen, deses recordos que comparten... Preguntábame como expuxeches o traballo cos actores e se había tamén parte das súas propias vivencias e experiencias na configuración do espazo e a transmisión oral. Por suposto. O guión foise construído seguindo as conversas ao redor dos espazos que íamos filmar. Houbo moito tempo de sentar no patio para escoitar historias, escoitar a miña avoa, almorzando coas súas amigas, falar sobre estes cortixos, que eu en realidade non visitara antes, case coma se fosen entes fantasmagóricos. A película foi tamén unha posibilidade de aventura nese espazo tan próximo, que paradoxalmente resultaba nalgún punto o máis remoto de todos. O campo era un espazo de invención e, cando era pequeno, a vida nel era xa só para o xornaleiro. Entón, moitas veces, escoitaba falar do campo, pero nunca me aventuraba nel. Revelábaseme desde o oído e, por tanto, era case un espazo mítico para min, de recordos, de formas de vivir... E a película bebeu de todas esas impresións de infancia, que todas as actrices e actores viviron.

Á vez, a película é un arquivo que sempre está en construción. Ten unha clara vontade arquivística, pero non se pecha niso e segue fabulando co arquivo, para precisamente sumarse a esa tradición onde a invención e o testemuño van da man. Queríamos lanzar á película a esa dimensión de conto e que formase parte dese imaxinario; non que fose un ente externo que recompilase todo iso desde unha consciencia ensaística, senón que se mimetizara con esas historias. Antón (o actor que interpreta a Jonás), a día de hoxe segue contando á xente os contos que escribimos para a ficción, mostrándonos como a ficción participa da construción dunha identidade.